

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de outubro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudosio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezaseis de outubro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, E o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1405).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1406).- MODIFICACIÓN DAS “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICAS DA SUBVENCIÓN PARA DINAMIZAR O CONSUMO NO PE-

QUEÑO E MEDIANO COMERCIO DE VIGO A TRAVÉS DE AXUDA ÁS FAMILIAS CON NECESIDADES ECONÓMICAS”. EXPTE. 439/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.10.09, dáse conta do informe-proposta do asesor en materia de mercados do Concello de Vigo, do 14.10.09, conformado polo concelleiro de Industria e Comercio, que di o seguinte:

Examinado o expediente de referencia, e toda vez que no mesmo se observan certas incorreccións que se detectan e expoñen a continuación, propónse a modificación das bases nos seguintes aspectos:

PRIMEIRO.- Có fin de garantir o esgotamento do crédito dispoñible, propónse engadir un parágrafo á base TERCEIRA, que quedará có seguinte literal:

“TERCEIRA.- Contía total, individual e crédito orzamentario

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 1.200.000 €, os cales serán financiados cos seguintes criterios:

ANO 2009: partida orzamentaria 6220.4890000 “subvencións o consumo no pequeno comercio” → 600.000 euros

ANO 2010: partida orzamentaria 6220.4890000 “subvencións o consumo no pequeno comercio” → 600.000 euros

Criterios de aplicación dos créditos desta convocatoria:

ANO 2009: 600 euros a 1.000 familias no ano 2009.

ANO 2010: 600 euros a 1.000 familias no ano 2010.

No caso de existir remanente por non se alcanzar o número máximo previsto de familias, as axudas ós beneficiarios incrementaríanse proporcionalmente en cada unha das fases ata esgotar a totalidade do crédito “

SEGUNDO.- Téndose detectado que a presente se trata dunha convocatoria novidosa e que require de abundante documentación e que o prazo de presentación de solicitudes polas familias que se indicou para a primeira fase e que remataría o 19 de outubro resulta excesivamente curto para que os potenciais beneficiarios do programa siquera poidan ter coñecemento da existencia da convocatoria, unido o feito de que, analizados os tempos de tramitación e o necesario para as subsanacións e trámites que se requiren, pois tratándose dunha convocatoria realizada a fin de ano, o gasto debe realizarse no presente exercicio, propónse, de conformidade coas instrucións recibidas do Sr. Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área, a dición da seguinte disposición adicional ás bases:

NOVENA.- Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria realizarase en dúas fases:

1ª fase da convocatoria: para os beneficiarios de 600 euros no ano 2009. Até o día 26 de outubro de dous mil nove

2ª fase da convocatoria: para os beneficiarios de 600 euros no ano 2010. Do 11 ó 30 de xaneiro de dous mil dez, ambos inclusive.

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

TERCEIRO.- A competencia para aprobar a presente modificación das Bases corresponde á Xunta de Goberno Local, previo informe de Asesoría Xurídica . Toda vez que non supón incremento da dotación orzamentaria e ésta xa foi tramitada no acordo que agora se modifica, non se considera necesaria a súa remisión á Intervención Xeral.

Vistos os feitos e fundamentos indicados, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de Asesoría Xurídica a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Engadir un parágrafo derradeiro á Base terceira da convocatoria, có seguinte literal:

“No caso de existir remanente por non se alcanzar o número máximo previsto de familias, as axudas ós beneficiarios incrementaránse proporcionalmente en cada unha das fases ata esgotar a totalidade do crédito“

SEGUNDO.- Modificar a redacción da base NOVENA da convocatoria, que pasa a ter o seguinte literal:

“NOVENA.- Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria realizarase en dúas fases:

1ª fase da convocatoria: para os beneficiarios de 600 euros no ano 2009. Até o día 26 de outubro de dous mil nove

2ª fase da convocatoria: para os beneficiarios de 600 euros no ano 2010. Do 11 ó 30 de xaneiro de dous mil dez, ambos inclusive.

Os solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.”

TERCEIRO.- Proceder á publicación no BOP e no taboleiro do Concello de Vigo nos xornáis de maior tirada do seguinte acordo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.